



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552
Fax: 982 121 506
CIF: P2702700B
REL: 01270272



Rocio López García (1 para 1)
Alcaldeesa
Data de Sinabura: 27/01/2017
HASH: b080ad9e3af1f00bdb27d7e952d5bd093

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A PRESTACIÓN DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR DENTRO DO MARCO DA LEI DE DEPENDENCIA.

1ª. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección de DÚAS auxiliares de axuda no fogar, con carácter de persoal laboral temporal e a tempo parcial, para a prestación de dito servizo dentro do marco da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, como consecuencia do aumento de horas outorgadas a usuarios deste Concello.

2ª. DURACIÓN DO CONTRATO E XORNADA LABORAL.

A contratación acomodarse, en todo caso, ás exixencias de horarios e xornada que veñan impostas pola propia natureza do servizo, e atendendo ao proxecto individual de atención (P.I.A) dos beneficiarios.

A duración do contrato será de 6 meses prorrogables segundo as necesidades do servizo, podendo extinguirse con anterioridade por morte ou renuncia dos beneficiarios do servizo. Igualmente o contrato poderá extinguirse pola cobertura das prazas con persoal de carácter indefinido previa convocatoria a tal efecto.

O contrato poderá modificarse en canto ás horas asignadas a cada traballador se as necesidades do servizo así o require.

O horario de cada traballador/a será o que se determine pola Área de Servizos Sociais do Concello e sempre adaptado ás necesidades da persoa beneficiaria e as horas que veñan establecidas polo proxecto individual de atención (P.I.A), en xornada de mañá e/ou tarde e podendo incluír fins de semana.

3ª. DESCRICIÓN DOS TRABALLOS A REALIZAR.

O servizo de axuda no fogar constitúe un conxunto de actuacións levadas a cabo no domicilio das persoas en situación de dependencia co fin de atender ás súas necesidades da vida diaria, prestando:

- a) Servizos relacionados coa atención das necesidades domésticas o do fogar: limpeza, lavado, cociña ou outros.
- b) Servizos relacionados coa atención persoal, na realización das actividades da vida diaria de apoio extenso para a súa autonomía persoal.



Cod. Validación: AHTMYNFTLDMRZA25KR44X3ME | Corrección: <http://concellodelourenza.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 10



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tlf: 982 121 006 - 982 121 552
Fax: 982 121 506
CIF: P2702700B
REL: 01270272



c) Nas situacións de gran dependencia a axuda necesaria para a realización das actividades básicas da vida diaria varias veces o día, co fin de ofrecerlles un apoio continuo e xeneralizado para a súa autonomía.

Ditos servizos prestarase de conformidade co informe emitido polos Servizos Sociais Municipais.

Os traballos realizaranse nos domicilios dos beneficiarios, polo que as persoas seleccionadas terán que contar cos medios necesarios para o desprazamento, pola súa conta, dentro da xornada laboral.

4ª. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Serán requisitos mínimos dos aspirantes a esta contratación:

Requisitos xerais:

a) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

b) Ser español ou cidadán da Unión Europea ou cidadán de calquera outro país estranxeiro residente en España con NIE en vigor nos termos establecidos na lexislación en vigor

c) Estar en posesión do certificado de escolaridade ou equivalente.

d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que aspira, sen que se padeza enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto

No caso de ser seleccionado para o posto, acreditarase mediante declaración formal baixo xuramento ou promesa.

e) Non ter sido separado, mediante procedemento disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin estar inhabilitado para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial ou para exercer as funcións propias do posto de traballo.

No caso de ser seleccionado para o posto, acreditarase mediante declaración formal baixo xuramento ou promesa.

f) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

No caso de ser seleccionado para o posto, acreditarase mediante declaración formal baixo xuramento ou promesa.



Cod. Validación: AHTMNYNF.TLDMRZA5KR.44X3ME | Corrección: <http://concello.lourenza.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestora eS-Úbico | Páxina 2 a 10



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552
Fax: 982 121 506
CIF: P2702700B
REL: 01270272



Requisitos específicos:

- a) Estar en posesión do permiso de conducir de clase B) e ter vehículo dispoñible para desprazamentos.
- b) Estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente (regulado no RD 496/2003 de 2 de maio) ou do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente (regulado no RD 1379/2008 de 1 de agosto).

Dacordo coa normativa reguladora do SAF antes do 31 de decembro de 2015 o persoal deste tipo de servizo deberá dispor do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente ou do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio, polo tanto, no caso de que se seleccione persoal que non posúa a dita titulación deberá procurarse a súa formación quedando condicionado o contrato a súa obtención.

Os requisitos entenderanse referidos á data de selección das persoas candidatas.

5ª. SOLICITUDES.

5ª.1 Presentación da Oferta no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Os interesados no proceso de selección deberán estar inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia como Asistentes domiciliarios.

O Servizo Público de Emprego de Galicia mandará ao Concello de Lourenzá unha relación de candidatos que serán convocados ao proceso selectivo.

5ª.2 Documentación que debe acompañar ao proceso selectivo.

Deberase achegar a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI.
- b) Fotocopia do certificado de escolaridade ou equivalente.
- c) Fotocopia dalgúns dos títulos esixidos como requisitos específicos:
 - formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria
 - certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio



Codi. Validación: AHTWYNF.TLDMRAZASKRJ4X3ME | Corrección: <http://concellolourenza.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esp-publico | Páxina 3 a 10



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tlf: 982 121 006 - 982 121 552
Fax: 982 121 506
CIF: P2702700B
REL: 01270272



- d) Fotocopias cursos:
 - curso de auxiliar de axudo no fogar
 - curso de auxiliar de enfermería en xeriatría
 - curso de auxiliar de enfermería,
 - curso de atención especializada a enfermos de alzheimer.
- e) Fotocopia do permiso de conducir.
- f) Currículo
- g) Vida laboral e contratos de traballo
- h) Celgas
- i) Certificado de empadramento

6ª. SELECCIÓN

6.1 Procedemento de selección

O sistema de selección constará de dúas partes: valoración de méritos e realización de probas.

As probas consistirán en:

Primeira. Proba teórica: Consistirá na contestación dun cuestionario tipo test de 20 preguntas relacionadas co posto de traballo e co coñecemento da administración local segundo o temario do anexo II. Cada pregunta correctamente contestada valorarase en 0,50 puntos, ata un máximo de 10 puntos.

O tempo máximo de realización deste exercicio será de 30 minutos.

Segunda. Proba práctica. Constará na resolución por escrito dun caso práctico. Esta proba terá unha valoración máxima de 10 puntos.

O tempo máximo de realización deste exercicio será de 30 minutos.

Terceira. Entrevista curricular: Consistirá na contestación dunha serie de preguntas iguais para todos/as aspirantes formuladas polos membros da comisión de valoración para afondar sobre cuestións curriculares dos/as aspirantes coa finalidade de apreciar o grao de experiencia laboral, coñecementos e formación acreditada no currículo en



Cod. Validación: AHTM\NF\TLD\MR\AZA5KR\44X3ME | Corrección: <http://concellodelourenza.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 10



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552
Fax: 982 121 506
CIF: P2702700B
REL: 01270272



relación coas funcións do posto ao que optan, valorándose principalmente a aptitude e actitude para o emprego que se convoca.

Non se formularán preguntas sobre aspectos persoais ou non relacionados cos empregos que se convocan.

A entrevista será obrigatoria e non eliminatória valorándose ata un máximo de 5 puntos.

A valoración de méritos consistirá en:

Rematada a proba, procederase a valoración de méritos dos aspirantes que superaron a proba.

Consistirá na valoración dos méritos aportados e debidamente xustificados polos aspirantes e non terá carácter eliminatorio.

A puntuación total máxima do baremo de méritos é de 10 puntos.

1. Experiencia profesional.

Experiencia acreditada polo desenvolvemento de traballos relacionados aos da praza que se convoca : 0,20 puntos/mes de servizo ata un máximo de 4 puntos.

A puntuación da experiencia laboral está referida á xornada completa. No caso de xornadas inferiores calcularase en proporción ao tempo traballado.

Para ser valorada a experiencia profesional será necesario a presentación do informe de vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social así como os contratos laborais, non sendo valorada dita experiencia de non presentarse os dous documentos.

2. Formación.

Por asistencia a cursos relacionados coas funcións propias do posto(de auxiliar de axuda no fogar, auxiliar de enfermería en xeriatria, auxiliar de enfermería, atención especializada a enfermos de alzheimer.): 0,10 por cada 10 horas de formación ata un máximo de 4 puntos.

3. Coñecemento da Lingua Galega.

Por estar en posesión de titulación acreditativa do Celga 1 ou equivalente segundo validacións oficialmente establecidas: 0,5 puntos.

Por estar en posesión de titulación acreditativa do Celga 2 ou equivalente segundo validacións oficialmente establecidas: 1 punto.

Por estar en posesión de titulación acreditativa do Celga 3 ou equivalente segundo validacións oficialmente establecidas: 1,5 puntos.





Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552
Fax: 982 121 506
CIF: P2702700B
REL: OI270272



Por estar en posesión de titulación acreditativa do Celga 4 ou equivalente segundo validacións oficialmente establecidas: 2 puntos.

6.2 Comisión de valoración

A Comisión estará integrada por:

Presidente: Un/unha traballadora/o Social dunha administración local.

Vogais:

- O axente de emprego e desenvolvemento local do Concello ou quen o substitúa.
- A Traballadora Social do Concello de Barreiros e como substituta a Traballadora Social do Concello de Burela.

Secretario: o do Concello ou funcionario ou persoal laboral do Concello en quen delegue.

A comisión de valoración quedará validamente constituída coa presenza de tres dos seus membros, sendo en todo caso necesaria a presenza do presidente e do secretario.

A totalidade dos membros da comisión deberá estar en posesión da titulación académica equivalente ou superior á esixida para a praza convocada.

A pertenza a comisión de valoración será sempre a título individual non podendo actuar en representación o por conta de ninguén.

O nomeamento dos membros da comisión realizarase por Decreto da alcaldesa-presidenta.

6.3 Desenvolvemento da selección

Unha vez presentada a oferta de emprego e recibido no Concello o resultado da selección por parte do Servizo Público de Emprego de Galicia, convocarase aos candidatos para a realización das probas.

Finalizadas cada unha das fases a comisión de valoración, fará públicas as puntuacións obtidas.

A cualificación final determinarase pola suma das puntuacións obtidas nos diferentes apartados, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados/as.



Cod. Validación: AHTMNYFTLDMRZA5KR44X3ME | Corrección: http://concello.lourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 10



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552
Fax: 982 121 506
CIF: P2702700B
REL: 01270272



6.4 Proposta de selección.

Unha vez rematado o proceso de selección a comisión de valoración á vista da lista de aspirantes seleccionados/as, formulará proposta de selección a favor de aqueles aspirantes que obtivese maior puntuación.

A proposta xunto coa cualificación final dos aspirantes publicarase no Taboleiro de anuncios e na web do Concello.

O obxecto de favorecer a integración da muller no mercado laboral, o empate resolverase a favor da muller. No suposto de que o empate se produza entre dúas mulleres, este resolverase acudindo á antigüidade na inscrición como demandante de desemprego na correspondente oficina pública de emprego e no caso de continuar o empate mediante sorteo.

6.5 Formalización do contrato e bolsa de traballo.

Cos aspirantes seleccionados formalizarase o correspondente contrato laboral.

Coas persoas que non resultase seleccionadas crearase unha bolsa para cubrir as vacantes que se puideran producir respecto das persoas seleccionadas ou para atender a novas necesidades do servizo. O chamamento realizarase pola orde de puntuación que obtiveran no proceso de selección.

Con esta nova lista quedan derogadas as anteriores listas de substitución.

7ª. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Os aspirantes propostos para ocupar ás prazas convocadas, dentro do prazo de tres días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación da proposta de selección no taboleiro de edictos do Concello, deberá presentar a seguinte documentación acreditativa de reunir os requisitos da convocatoria:

1. Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.
2. Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desempeño das tarefas propias da praza.
3. Declaración xurada o promesa de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza xudicial firme, nin estar incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidades para a función pública de conformidade coa lexislación vixente. (conforme ao modelo previsto no Anexo I das bases)



Cod. Validación: AHTMYNFTLDMRZA5KRJ4X3ME | Corrección: <http://concellodelourenza.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xesiona esPublico | Páxina 7 a 10



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552
Fax: 982 121 506
CIF: P2702700B
REL: 01270272



4. Declaración xurada o promesa de cumprir todos os requisitos esixidos pola lexislación vixente en materia de contratación laboral.(conforme ao modelo previsto no Anexo I das bases)

8ª. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Á vista da proposta da comisión de valoración e constatado, mediante a documentación sinalada no apartado anterior, que os aspirantes propostos reúnen os requisitos esixidos para o acceso ás prazas convocadas, formalizarase cos aspirante seleccionado o correspondente contrato laboral temporal segundo o previsto na lexislación laboral aplicable.

Establecese un período de proba dun mes, que terá o carácter e efectos que determina o artigo 14 del R.D.L. 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto dos traballadores.

9ª. RECURSOS E NORMATIVA

O tribunal está facultado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo o non previsto expresamente nestas bases.

As bases da convocatoria, e cantos actos administrativos se deriven delas e da actuación do tribunal, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecida pola Lei 30/92, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

No non sinalado nas presentes bases de selección estarase ao previsto na normativa básicas sobre selección de persoal ao servizo da administración local, a lexislación laboral vixente e demais normas que resulten de aplicación.

Lourenzá, 20 de Xaneiro de 2017



Cod. Validación: AHTMNYNFTLDMRAZA5KR44X3ME | Corrección: <http://concellodelourenza.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 10



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tlf: 982 121 006 - 982 121 552
Fax: 982 121 506
CIF: P2702700B
REL: 01270272



ANEXO I

DECLARACIÓN XURADA

Don/Dona.....con D.N.I
núm.....e domicilio en.....municipio
de.....provincia de....., de conformidade co
disposto na base 7ª da convocatoria para a contratación en réxime de persoal laboral
temporal de dúas auxiliares de axuda no fogar,

DECLARO:

Que reúno os requisitos esixidos na base terceira da convocatoria referidos á data de
finalización do prazo sinalado para a presentación da solicitude.

Que non fun separado/a, mediante procedemento disciplinario, do servizo de calquera
administración pública, nin me atopo inhabilitado/a, nin estou incurso/a en ningunha
das causas de incapacidade ou incompatibilidade para o desempeño de funcións
dentro da administración pública.

Que cumpro todos os requisitos esixidos pola lexislación vixente en materia de
contratación laboral.

Endede 2017

(sinatura)

En virtude do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, infórmaselles de que os datos persoas que
proporcionen serán tratados polo Concello de Lourenzá coa única finalidade de tramitar o proceso de selección no que participa. Así mesmo poderá exercer os
seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose por escrito ao Concello de Lourenzá, Praza do Conde Santo, S/n, 27760,
Lourenzá, Lugo.



Cod. Validación: AHTM:NYFTLDMRAZA5KR44X3ME | Corrección: <http://concellodeourenza.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona eSPublico | Páxina 9 a 10



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tlf: 982 121 006 - 982 121 552
Fax: 982 121 506
CIF: P2702700B
REL: 01270272



ANEXO II

PROGRAMA MATERIAS

TEMA 1 O municipio. Concepto e elementos. O termo municipal. A poboación. A organización municipal. Competencias.

Tema 2. O Concello de Lourenzá. Encuadre territorial e poboación.

Tema 3. Normativa reguladora do servizo de axuda no fogar: Orde de 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o S.A.F (DOG núm. 22 do 2 de febreiro de 2009)

Tema 4. Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar.(BOP num. 249 de 30 de Outubro de 2013).

Tema 5. Definición, obxectivos e contido do servizo de axuda no fogar

Tema 6. Coidados básicos ao maior dependente (prevención e atención sanitaria)

Tema 7. Características e necesidades de atención hixiénicosanitarias. Boas prácticas de hixiene.Prevenición de enfermidades infecciosas no servizo de axuda no fogar.

Tema 8. Nutrición e alimentación. Características da alimentación na persoa maior. O servizo de xantar sobre rodas e servizos similares

Tema 9. Intervencións de atención psicosocial das persoas dependentes no domicilio.

Tema 10 Apoio ás xestión cotiás das persoas dependentes. Xestión básica do fogar. A protección de datos de carácter persoal. O segredo profesional.

Tema 11 Interrelación e comunicación coa persoa dependente e o seu contorno. Apoio o coidador.

Tema 12 Mantemento, limpeza e organización do domicilio de persoas dependentes. Produtos e técnicas de limpeza e desinfección en cocinas e comedores e en dormitorios e zonas de uso común. O coidado da roupa.



Cod. Validación: AHTMAYNFTLDMRAZASKR44X3ME | Corrección: <http://concello.lourenzaga.es/sedelectronica/gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona.espublico | Páxina 10 a 10